



O CONSELLO REGULADOR APOSTA POLA MELLORA DA CALIDADE E DO PRESTIXIO DA CARNE DE TERNERA GALLEGA SUPREMA

A carne certificada baixo a categoría Ternera Gallega Suprema é a mellor carne de vacún que se produce en Galicia e creemos que en toda España, pero aínda así é necesario avanzar e mellorar a súa excelente calidade.

O Consello Regulador ten entre os seus mandatos analizar, valorar e implementar aquelas peticións de maior interese para a IXP Ternera Gallega que reclama o sector, aínda que sempre destacou pola súa prudencia nas decisións que se toman e que afectan ao sector cárnico de calidade galego. Nesa liña, os temas primeiro trátanse amplamente ata conseguir o máximo acordo entre os seus membros, e despois as decisións tómanse de forma democrática e, sobre todo, para mellorar.

Durante os anos 2021 e 2022 elaborouse a Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico de Galicia; un documento de traballo tutelado pola Consellería do Medio Rural e elaborado pola Fundación Juana de Vega, coa colaboración de todo o sector: organizacións profesionais agrarias, cooperativas, asociacións raciais, centros de investigación, asociacións de gandeiros e de industrias cárnicas, centros de investigación, profesionais e técnicos independentes. Máis de cincuenta persoas que debateron amplamente as necesidades do sector e as posibles solucións, ata chegar a consensuar un documento final que foi presentado o 10 de xaneiro de 2023, polo presidente da Xunta de Galicia, nun acto público que tivo lugar no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia no Pazo de Fontefiz, no concello ourensán de Coles.

Complementariamente, a Consellería do Medio Rural encargou á Fundación Juana de Vega a elaboración do Manual de Alimentación e Manexo para a Producción de Ternera Gallega Suprema, documento que foi elaborado ao longo dos anos 2022 e 2023, tamén coa participación de técnicos recoñecidos e representantes do sector, e no que tamén se tiveron en conta as achegas de varios gandeiros con explotacións de vacas nais produtores de Ternera Gallega Suprema.

Os acordos que se tomaron no Pleno do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia, celebrado en Santiago de Compostela o pasado xoves 9 de novembro, foi en concordancia co recollido nos anteditos documentos e cunha maioría clara por parte dos seus membros. Polo tanto, os acordos tomados son consecuencia do amplo diálogo e debate que tivo lugar no sector nestes últimos 2-3 anos.

Fai xa varios anos que a industria cárnica galega e a distribución comercial viñan manifestando a existencia dunha certa disparidade no caso das canais certificadas como Ternera Gallega Suprema, tanto no seu peso como na súa conformación, grao de engraxamento, etc. Co agravante de que ditas queixas afectan negativamente aos prezos que perciben os gandeiros polos seus xatos.

Precisamente, no marco da Estratexia do Sector Cárnico e do Manual de Producción de Ternera Gallega Suprema, púxose encima da mesa para o seu debate a necesidade de facer un engorde final dos tenreiros para obter canais algo máis engraxadas e homoxéneas, que favorecese a súa comercialización e permitise acadar mellores prezos de venda. Nesa liña, definiuse como facer dita finalización: durante un mínimo de dous meses antes do sacrificio, mantendo aos tenreiros



acortellados ou en cobertizos protexidos das inclemencias climatolóxicas e utilizando os recursos alimenticios da propia explotación (silo de millo, cereais, ...), complementados con pensos vexetais cando sexa necesario. Este engorde final farase nas explotacións onde naceron e se criaron os tenreiros.

O Consello Regulador defende os diferentes sistemas produtivos existentes en Galicia e sempre vai apostar pola alimentación das vacas e dos xatos con pastos e forraxes obtidos na mesma explotación; sen lugar a dúbidas o pastoreo é un sinal de identidade do noso sector. Por iso non podemos estar de acordo con voces que xogan a confundir aos gandeiros e aos consumidores. O acordo que se tomou recentemente só afecta aos tenreiros e concretamente durante dous meses, durante os cales se poden seguir utilizando as forraxes na súa alimentación, complementados con cereais ou pensos vexetais, de ser necesarios, como xa se dixo.

Polo tanto, en ningún caso se pretende que a carne amparada baixo a categoría Ternera Gallega Suprema obtida nas explotacións con vacas nais se pareza a carne procedente de cebadeiros e etiquetada como Ternera Gallega. Ao revés, o que se pretende é mellorar a calidade e diferenciar máis Ternera Gallega Suprema con respecto a Ternera Gallega, para que así mellore a súa comercialización e poida subir o prezo en orixe que perciben os produtores.

Tampouco se vulnera a tradición que lle deu sona a produción en Galicia, xa que no sector todos saben e son conscientes de que historicamente e de forma maioritaria as vacas son as que saen pacer todos os días, mentres que os xatos quedan na corte. Pola mañá, antes de saír danlle de mamar ás crías e despois regresan pola tarde para volvelos aleitar. Ese é realmente o sistema “tradicional” de produción de carne en Galicia. En consecuencia, o acordo tomado vai máis na liña de recuperar, respectar e manter a nosa tradición produtiva, que é o fundamento principal das características de calidade de Ternera Gallega Suprema que os consumidores demandan. Voces que falan dunha deriva cara a industrialización na produción de Ternera Gallega Suprema sobran, xa que non se axustan á realidade.

En relación co acortellado, convén explicar que é suficiente con que os tenreiros poidan estar nun recinto pechado protexidos das inclemencias climatolóxicas, co cal na maioría dos casos chega con acondicionar algunha palleira vella existente na explotación ou con facer un simple cobertizo que dispoña dunha parede que protexa aos xatos do vento dominante e un tellado a unha soa auga. Este tipo de instalacións básicas respectando a liberdade dos xatos para nada prexudican o benestar animal nin significan un elevado gasto para os gandeiros; e en cambio melloran o ritmo de crecemento e engorde, obtendo canais máis uniformes, susceptibles de acadar un mellor prezo de venda. Ademais, esta finalización dos tenreiros axuda a obter un maior grao de engraxamento e favorece a tenrura e as características organolépticas da carne certificada.

En canto á produción en ecolóxico é necesario lembrar que o Consello Regulador ven de aprobar recentemente un Acordo de colaboración co Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, co apoio da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, que se vai poñer a andar ao longo do 2024. Dito acordo ten como obxectivo principal a comercialización de Ternera Gallega Suprema Ecolóxica, ou sexa carne que cumpre as condicións para saír ao mercado amparada polos dous consellos reguladores, cunha etiqueta única. Iso é posible porque o propio C.R. de Agricultura Ecolóxica tamén permite a finalización dos xatos, ao entender que se obtén unha carne de mellores cualidades organolépticas e non se vulneran os requisitos específicos da produción en ecolóxico.



Creemos que pouco máis é necesario dicir. Só aclarar que no Consello Regulador respectamos todas as opinións, pero non se vai entrar en cuestións demagóxicas nin dialécticas que pouco significado aportan, salvo división e malestar. No noso horizonte só vai estar a melloría do sector, a rendibilidade das explotacións gandeiras, a sostibilidade da produción cárnica de calidade e a continuidade das explotacións, de maneira que Galicia e a IXP Ternera Gallega sigan sendo a referencia na produción de carne de calidade en toda España. E todo iso con diálogo, concertación, sentido común e transparencia.